



CEP PLURILINGÜE IGREXA-VALADARES-

PROGRAMA DO NADAL 2012

Día 14 venres:



TEATRO:

O GRUPO DE NAIS/PAIS representa "O LOBIÑO CARAPUCHIÑO".

Horario: Ás 10 h, Infantil; ás 10:45 h, 1º, 2º, 3º; e ás 11:15 h, 4º, 5º e 6º.

Día 21 venres:

REIS MAGOS: Para 1º e 2º, ás 12:30 h.



CHOCOLATE CON CHURROS:

De 10:30 a 11:15 h, 1º, 2º e 3º. De 11:15 a 12 h, 4º, 5º e 6º.
Acompañará ao alumnado o profesor/a que está con eles.



XORNADA DE CINE NA ESCOLA:

De 12:30 a 14:15 proxección de películas.



Ata as 12 haberá clase normal.

Cada titor/a entregará as notas, boletín informativo da biblioteca do 1º trimestre, recomendacións de lecturas para o Nadal, calendario do 2013 e circular para pais-nais.

O profesorado axudará no comedor, na organización e servizo do chocolate con churros.



O tizón de Nadal

Na Noiteboa limpábase coidadosamente o lar e acendíase un gran leño, denominado *Tizón* ou *Cepo de Nadal*. O acto de varrer o lar antes de prender o lume simbolizaba destruír o vello para dar paso ao novo. O *tizón* debía permanecer aceso na lareira ata Aninovo; en troques, por terras de Becerreá, debía durar todo o ano, dándolle lume tódolos días aínda que fose por pouco tempo. Logo deixábase apagar pero conservábase durante o resto do ano para acendelo de novo durante as treboadas ou cando se ventaba unha desgracia na casa, como elemento protector do fogar.

Xoán Xosé Pérez Labaca escribiu sobre un costume dos celtas que consistía en acender unha candeia o día do solsticio de inverno e que tiña que arder durante medio día seguido para traer boa sorte na casa

O culto ao lume está ben presente na cultura popular galega, así coma na doutras latitudes. Pode ser que este *tizón de Nadal* sexa unha reliquia dese culto pagán que terminou sendo prohibido, sen éxito, polas *Sinodais* de Mondoñedo no século XVI por consideralo *rito gentílico* (Eladio Rodríguez, citando a Murguía).

